



**PROXECTOS PREVISTOS A DESENVOLVER POR ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO**

DOCUMENTO NON VÁLIDO EN PAPEL / DOCUMENTO NON IMPRIMIBLE / NON ESCANEAR / VÁLIDO UNICAMENTE EN FORMATO DIXITAL CON SINATURA DIXITAL

ENTIDADE (Información de legalidade)						
Entidade						
Nome:					NIF:	
Presidente:			DNI:	Teléfono móbil:		
Rexistro-Resolución da Xunta de Galicia						
Rexistro:	Nº rexistro:		Data inscrición/modificación:			
RMA-Rexistro Municipal de Asociacións / Expediente municipal TEDeC-Plataforma de Tramitación de Expedientes Electrónicos						
Nº expediente:	Data:	Decreto Nº:	Decreto data:			
Actualización da documentación da entidade no último ano incluída na base de datos municipal (marcar X no que proceda)						
<input type="checkbox"/> Non tivo cambios		<input type="checkbox"/> Tivo os cambios que se indican a continuación e da cal se aporta documentación xustificativa				
No caso de marcar X en cambios, indicar que cambios:						
<small>* O rexistro da entidade no RME-Rexistro Municipal de Entidades é obrigatorio con anterioridade a solicitude da axuda.</small>						

NOTIFICACIÓNS E AVISOS (Responsable/s da tramitación do expediente e recepción de notificacións e avisos)			
Representante en nome da entidade		Si ten delegada a tramitación nunha xestoría ou xestor	
Nome e apelidos:		Nome xestoría:	
Cargo:		Persoa de contacto:	
E-mail:		E-mail:	
Teléfono móbil:		Teléfono móbil:	
<small>*É obrigatorio indicar o/a representante en nome da entidade aínda que a entidade teña delegada a tramitación nunha xestoría.</small>			

MEMORIA INFORMATIVA DA ACTIVIDADE PREVISTA A DESENVOLVER E PARA A CAL SE DEMANDA AXUDA ECONÓMICA			
Nome/título:			
Programa (marcar con X na cuadrícula que proceda):			
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 1. Acción Social	<input type="checkbox"/> 2. Educación	<input type="checkbox"/> 3. Promoción cultural
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/> 4. Festexos e tradicións populares	<input type="checkbox"/> 5. Deportes	<input type="checkbox"/> 6. Promoción económica
Data/s:			Lugar:
Descrición/memoria da actividade: <small>(Debe ser clara, concreta e concisa sen estenderse máis que o espazo habilitado neste cadro. A descrición deberá referirse única e exclusivamente o proxecto para o cal se solicita axuda, e non a todo tipo de actividades que poida desenvolver a entidade que non teñan nada que ver co proxecto presentado)</small>			

MEMORIA ECONÓMICA DA ACTIVIDADE PREVISTA A DESENVOLVER E PARA A CAL SE DEMANDA AXUDA ECONÓMICA			
ORZAMENTO DE GASTOS DESGLOSADO POR PARTIDAS		ORZAMENTO DE INGRESOS DESGLOSADO POR PARTIDAS	
CONCEPTO	IMPORTE	CONCEPTO	IMPORTE
Persoal técnico (monitores, docentes, profesorado)		Solicitude axuda municipal	
Espectáculos (animación, artistas, orquestras)		Cotas de inscrición	
Dereitos federativos (taxas, mutuas, arbitaxes)		Cotas de socios	
Desprazamentos (bus, combustibles, vehículos)		Cotas de colaboración (patrocinio ou doazóns privadas)	
Marketing (publicidade, etiquetado, imprenta)		Solicitude axuda outras entidades (Xunta/Deputación, etc.)	
Outros servizos técnicos, profesionais e alugueres		Concesión axuda outras entidades (Xunta/Deputación, etc.)	
	<b>Total</b>		<b>Total</b>

No orzamento de ingresos debe incluírse as axudas doutras entidade (solicitadas, concedidas ou en previsión de solicitar), así como os ingresos da entidade para a actividade.

OUTRAS SUBVENCIÓNS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS por outras entidades, públicas ou privadas, para a mesma finalidade:						
NINGUNHA SOLICITADA NIN CONCEDIDA	XUNTA DE GALICIA	IMPORTE	DEPUTACIÓN	IMPORTE	OUTRO ORGANISMO	IMPORTE
	Solicitada		Solicitada		Solicitada	
	Concedida		Concedida		Concedida	

\* Márquese o que proceda. O importe total de todas as subvencións, incluída a do Concello, non poderá superar o importe do orzamento de gastos da actividade.

CÓDIGO INTERNACIONAL DE CONTA BANCARIA:					
NOME COMERCIAL DA ENTIDADE	CODIGO PAÍS	ENTIDADE	OFICINA	D.C.	NÚMERO DE CONTA

Nota: Non é suficiente con indicar os códigos correspondentes, así onde pon nome comercial da entidade deberá indicarse cal é. Ademais deberá acompañarse do documento de conta bancaria.

**IMPORTE DA AXUDA SOLICITADA:**



**PROXECTOS PREVISTOS A DESENVOLVER POR ENTIDADES SIN ÁNIMO DE LUCRO**

O asinantes deste documento como representante da organización da actividade indicada declaro/declaramos que somos coñecedores e comprometémonos aos seguinte:

**Somos coñecedores:**

**Destinatarios:** Entidades legalmente constituídas (Rexistro da Xunta de Galicia), que se atopan inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións no momento de realizar a solicitude, de funcionamento democrático, sen ánimo de lucro, con domicilio social no municipio de Santa Comba, que desenvolvan as súas actividades neste ámbito territorial, fundamentalmente na defensa, fomento e mellora dos intereses xerais ou sectoriais dos cidadáns en actividades sociais, educativas, culturais, deportivas, ecolóxicas ou lúdicas, así como aquelas actividades de interese público para o Concello de Santa Comba. Si as entidades non se atopan legalmente constituídas con rexistro da Xunta de Galicia non poderán solicitar as axudas, dado que, para a imprescindible inscrición no rexistro municipal, e necesario contar previamente co rexistro da Xunta de Galicia.

**Prazo de presentación:** A efectos de poder telo en conta na elaboración dos orzamentos do Concello de Santa Comba para o vindeiro ano, o proxecto previsto a desenvolver pola entidade comunicárase o Concello de Santa Comba no último trimestre do presente ano. Entendo este trimestre desde ás 00:00 horas do primeiro día laborable do mes de outubro do ano en curso e ás 23:59 horas do 30 de decembro do ano en curso. Si este coincidiría e sábado ou domingo, sería o día anterior. En ningún caso será válido sen a súa tramitación por sede electrónica municipal e os correspondentes documentos de rexistro e veracidade xerados automaticamente polo sistema de tramitación.

**Declaramos responsablemente:**

**1. Acordo de participación:** Que a entidade a cal represento/representamos acordou a participación neste programa, cuxa información, documentos e demais datos que se aportan, axústanse á realidade.

**2. Nomeamento de representantes:** Que a entidade a cal represento/representamos nomeoume/nomeáronos como representante/s para as relacións co concello, non só para asuntos relacionados con este expediente, senón tamén para outros similares que puideran darse relacionados coa entidade, tanto no presente ano como nos vindeiros, sempre e cando non haxa unha notificación de cambio.

**3. Incapacidade e incompatibilidade:** Que non estou/estamos vinculado/s en causas de incapacidade e incompatibilidade para contratar coa administración e percibir subvencións da Administración Pública (estipuladas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións).

**4. Axudas pendentes de xustificación:** Que non temos pendente de xustificación outra axuda do concello na que xa rematara o prazo para a presentación de xustificantes.

**5. Proxectos concretos e específicos:** Que son/somos coñecedor/es, de que, en caso de ser beneficiario dunha axuda municipal, esta non será para o funcionamento da entidade, nin para gastos correntes derivados da mesma, nin para pago de taxas ou impostos de alta, tramitación ou legalidade da entidade, nin para lotes de actividades, nin para mesturas de actividades de diversa e diferente índole, senón para un proxecto, acción ou actividade concreto e específico que se debe indicar como referencia/titular en todos os documentos, e que, debe estar claramente descrito neste documento coa súa pertinente memoria de actividade, e memoria económica de desagregación de gastos e ingresos por partidas ou conceptos.

**6. Cumprimentos de bases e normativas:** Comprometémonos a cumprir tódalas normas establecidas nas bases da convocatoria, no que se derive do convenio asinado e a realizar tódalas actividades para as que se nos poida conceder subvención.

**7. Publicidade da colaboración:** Que son/somos coñecedor/es, de que, no caso de concesión dalgún tipo de axuda para este proxecto, farase constar en todo tipo de información que se realice sobre o desenvolvemento da actividade subvencionada, a colaboración prestada polo Concello de Santa Comba, a través do/s logotipos e símbolos aportados polo mesmo, aportando algún tipo de xustificación documental, tal como recortes de prensa, programas de man, fotografías, carteis, etc.

**8. Presupostos a tres etapas:** Que son/somos coñecedor/es, de que, no caso en que o gasto sexa superior a 30.000 € para realizar obras, ou superior a 12.000 € para adquisición de equipamento ou prestación de servizos, comprometémonos a solicitar, polo menos, tres ofertas de distintos provedores, nos termos do artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

**9. Colaboración en actividades municipais:** A concesión dunha axuda municipal ao proxecto descrito implica o compromiso da entidade de colaboración e coorganización no desenvolvemento de actividades municipais para as que se lle requira relacionadas co obxecto indicado nos estatutos da entidade. En calquera caso, si o proxecto presentado, se considerase de interese subvencionable, este aspecto especificárase con máis concreción no convenio de colaboración a asinar de forma obrigatoria.

**10. Circuito dixital:** Que son/somos coñecedor/es de que non se admite o papel físico como documento válido, que non está permitida ningunha tramitación fora do circuito dixital e que toda a documentación debe ser presentada e tramitada en base a lei 39/2015, de 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, a lei 14/2015, de 1 de outubro de Réxime Xurídico do sector Público, base legal da sinatura electrónica recollidos na Lei 59/2003 de sinatura electrónica e o Esquema Nacional de Interoperabilidade do Ministerio de Política Territorial e Administración Pública (Subsecretaría de Estado para a Administración Pública-Dirección Xeral para el Impulso de la Administración Electrónica) que establece a serie de Normas Técnicas de Interoperabilidade que son de obrigado cumprimento polas Administracións Públicas e que desenvolven aspectos concretos da interoperabilidade entre as Administracións Públicas e cos cidadáns.

**11. Sinatura dixital:** Que coa/s sinatura/s dixital/is asociada/s a este documento, e a outros que se poidan aportar complementariamente, identifícanos de maneira inequívoca, aseguramos que os documentos aportados en formato dixital son exactamente os mesmos que os orixinais, que non sufriron alteracións, modificacións ou manipulacións, que aseguramos o non repudio dos documentos asinados e a veracidade de tódolos datos e documentos que se teñan que achegar ao expediente, en base legal da sinatura electrónica recollidos na Lei 59/2003 de sinatura electrónica.

**12. Constatación de veracidade:** Que independentemente do que se indique neste documento, nas normativas pertinentes e no contido do convenio, son/somos coñecedor/es, de que, os servizos técnicos municipais poderán demandar en calquera momento calquera outra documentación que consideren oportuna encamiñada a comprobar a veracidade da documentación aportada, a efectiva realización da actividade e a estar ao corrente coas obrigas fiscais derivadas da tramitación.

**Outra información complementaria:**

- Documento para coñecemento da administración.
- Este documento non implica ningún compromiso do Concello de Santa Comba coa entidade tramitadora.
- Documento non válido en papel.
- Documento non imprimible.
- Cubrir no propio documento dixital.
- Non escribir a man.
- Non escanear.
- Válido unicamente en formato dixital con sinatura dixital.

Non aportar ningunha documentación complementaria a maiores, salvo a derivada dos cambios que puidera ter a entidade si estes non están xa en poder do concello. Neste caso o tipo de documentación que se aporte deberá ser en formato PDF, peso máx. 15 Mb, resolución máx. de escaneo de 300x300ppp. Si os servizos técnicos municipais considerasen que o aportado non é suficiente ou non está suficientemente claro xa se demandaría o que se considerase oportuno.

DOCUMENTO NON VÁLIDO EN PAPEL / DOCUMENTO NON IMPRIMIBLE / NON ESCANEAR / VÁLIDO ÚNICAMENTE EN FORMATO DIXITAL CON SINATURA DIXITAL

Sinatura dixital do/a representante/a da entidade na data xerada de forma automatizada polos metadatos electrónicos asociados ao documento